

Acta da Comisión Permanente do día 23 de xullo de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 23/07/2025
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 23/07/2025
- III. Solicitudes de recoñecemento de créditos
- IV. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 12 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Subdirectora de Divulgación científica e Captación, Dona Raquel Pérez Orozco, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

- 1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, celebradas o 28 de maio e o 25 de xuño de 2025.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das devanditas sesións.

- 2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

Achegáronse dúas solicitudes de recoñecemento de créditos para o Grao en Enxeñaría da Enerxía (Anexo III). Unha dun estudante provinte do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e outra dun estudante provinte do Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática (UDC). Proponse recoñecer ao primeiro todas as materias menos unha que non ten correspondencia e ao segundo todas as materias solicitadas.

Apróbase, por asentimento, a proposta de recoñecemento de créditos.

- 3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender nesta vindeira convocatoria.**

A Presidenta indica que foron achegadas 9 solicitudes de defensa de TFG do Grao en Enxeñaría da Enerxía e 7 do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

Amosa a proposta de tribunais (Anexo IV) e sinala que se agruparon en función da súa temática, vinculados con áreas de coñecemento, tendo en conta a listaxe configurada ao inicio do curso académico, intentando que o profesorado non repita como membro en máis dun tribunal nos catro períodos de defensa e tratando de garantir á paridade na composición. No caso do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos proponse que presida cada tribunal a Coordinadora da titulación do plan correspondente, agás cando coincida coa titora do proxecto. No caso do Grao en Enxeñaría da Enerxía proponse que presida os tribunais Pablo Eguía, por falta de dispoñibilidade do coordinador da titulación.

Engade que o profesorado proposto xa confirmou a súa dispoñibilidade e que as solicitudes cumpren os requisitos.

Apróbase a proposta por asentimento

4. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 7 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte e tres de xullo de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace
A Presidenta

Raquel Pérez Orozco

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 23/07/2025

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 23 de xullo de 2025, ás 11:30 h en primeira convocatoria e as 12:00 h en segunda.

A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, celebradas o 28 de maio e o 25 de xuño de 2025.
2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender nesta vindeira convocatoria.
4. Rogos e preguntas.

Vigo, 16 de xullo de 2025
O Secretario

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa **contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-ELe-De-6-Qu-ese-ELe)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-17e3-fa12-123e-e3b8-f2a4-5833-cfa3-603d

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 16/07/2025 11:20 | NOTAS : F



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 23/07/2025

Asistentes á Comisión Permanente do 23 de xullo de 2025	
Presidenta da Comisión	
Raquel Pérez Orozco	
Secretario da Comisión	
Guillermo García Lomba	
Subdirector/a	
-	
Profesorado	
Leandro Alejano Monge	
Pablo Eguía Oller	
Eduardo Giráldez Pérez	
Beatriz Guitián Saco	
Javier Vijande López	
Estudantes	
-	
PAS	
M ^a Carmen Romo Pérez	

ANEXO III

Solicitudes de recoñecemento de créditos

ANEXO IV

Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira
convocatoria